



12 / 13 de setembro
a casa vella
(amiadoso – allariz)



a MALLA

cultura rural, ecoloxía e territorio

I xornadas
"A/De monte"



conversas
pensamento
experiencias

xornadas gratuítas
prazas limitadas

inscricións:



acasavella.gal



I xornadas "A/De monte"

/ Que é A Casa Vella?

/ Por que A Malla?

/ I Edición – De/A Monte

/ Programa

/ Como se desenvolve cada bloque?

/ Antes de vir




A Casa Vella é un
espazo de creación
artística e dinamización
do rural que conecta
arte, comunidade e
territorio mediante
residencias, encontros
e proxectos culturais.

A malla é unha práctica agraria tradicional en Galicia que consiste na trilla do cereal, especialmente do trigo e do centeo. Era un traballo comunitario no que os veciños se reunían para separar o gran da palla trala colleita e adoita ir acompañada de música, comida e celebración; converténdose nun acto de cooperación e vida social. Tomando o nome desta práctica como referencia, o traballo, o territorio (a convivencia, os recursos comúns) e o festivo (o encontro) daranse a man nestas xornadas, nas que se celebra a relación cultura—vida—territorio, se debate sobre temas de interés colectivo e se realiza unha labor de transmisión e cooperación. Todo isto compartindo cociña, palabra e reunión en colaboración con outras estruturas, profesionais e colectivos artísticos e sociais.

No 2026 lanzamos a primeira edición destas Xornadas, que dende A Casa Vella queremos seguir celebrando anualmente, escollendo en cada ocasión un tema ou reto da vida actual no rural. Cunha dimensión convivencial e experiencial, o obxectivo é combinar pensamento, encontro e experiencia situada, con tempo dabondo para a convivencia e a conversa aberta.

Nesta primeira edición, o tema ou lema será: "A/De monte". Unhas xornadas sobre ecoloxía e patrimonio natural e cultural do agroforestal galego, que queren explorar a evolución dos estilos de vida labregos e a súa percepción social. Abordarase a relación entre ecoloxía, extractivismo e as novas narrativas sobre o territorio rural e, en particular, sobre o monte e o agro galego. Tamén os estigmas, prexuízos e mitos que rodean tanto a vida tradicional "de aldea" como as chamadas "novas ruralidades". Na era do antropoceno, abordamos preguntas como:

Que prácticas tradicionais necesitamos recuperar? Como coidamos e nos relacionamos co bosque autóctono? Como transmitilas e con que recursos? Que novos sistemas ou estratexias colectivas están emerxendo? Como conectar experiencias inspiradoras? Que modos de vida –sostibles e responsables co territorio– poden ofrecer modelos económicos atractivos para reter ou atraer poboación rural? Que proxectos culturais ou artísticos están axudando a pensar estes asuntos e a construír novos imaxinarios e mundos posibles, en relación a estes temas?



Cantos montes
collen nun mesmo
monte?

Sábado 12 de setembro de 2026

10:00 a 10:30 – **Benvida**

10:30 a 11:00 – **Presentación** de A Casa vella e das Xornadas

11:00 a 12:30 – **Bloque I. O monte galego: historia e transformacións**

O monte foi durante séculos peza central da organización social, económica e ecolóxica de Galicia: era unha extensión indispensable do sistema agrario tradicional. Fornecía leña, pasto, estrume, madeira, alimento para o gando e múltiples recursos complementarios para a subsistencia. Abordaranse os usos comunais, as desamortizacións, as políticas forestais e as transformacións modernas

EXPOSICIÓN E CONVERSA

11:00 a 11:45 – **Xesús Balboa**, Profesor Doutor en Historia Contemporánea da USC e membro de Histagra

11:45 a 12:30 – **Conversa e pausa**

MESA REDONDA

12:30 a 14:00 – **Exposición e análise de casos no monte da comarca**

Espazo con profesionais e axentes convidados da comarca, para falar da realidade particular dos montes na área de Allariz-Maceda

Eva González Pérez, xerente do Grupo de Desenvolvemento Rural Limia-Arnoia, GDR-10

Xaime Iglesias, Braña SCL. Empresa especializada en xestión de Comunidades de Montes

Teresa Devesa, Expresidenta da Comunidade de Montes Penamá de Seoane

Manuel Míguez, Presidente da Comunidade de Montes Penamá. (Asociación Penamá 16 CMVMC)

14:00 a 15:30 – **Comida**

15:30 a 16:00 – **Camiñada** pola contorna de A Casa Vella

Sábado 12 de setembro de 2026

16:00 a 18:00 – **Bloque II. O monte hoxe: conflitos, retos e transicións**

O monte actual está atravesado por tensións complexas: abandono agrario, fragmentación da propiedade, monocultivos forestais, incendios, perda de biodiversidade e presión extractiva. Ao mesmo tempo emerxen prácticas de restauración ecolóxica, silvicultura sostible e gobernanza comunitaria. O obxectivo é analizar os conflitos e as transicións en curso

EXPOSICIÓNS

16:00h a 16:40 – **Juan Picos**, Profesor Doutor en Enxeñaría Agroforestal da Uvigo. Inventario Forestal Continuo de Galicia

16:40 a 17:20 – **Francisco Pedras**, Presidente da Asociación A Monte

17:20 a 18:00 – **Manuel Beiro**, enxeñeiro técnico forestal. Bikenta, Bioeconomía e xestión forestal

18:00 a 18:15 – **Pausa**

RELATO DE CASOS

18:15 a 19:45 – **Exposición de casos de acción cultural e artística**
Iniciativas que traballan na intersección entre comunidade, territorio rural, ecoloxía, cultura e práctica artística. Como se relaciona o monte coas nosas prácticas? Que imaxinarios e discursos empregamos? Como facer que un proxecto estea situado e territorializado?

María Bella, investigadora e produtora cultural. Azul Mais Verde Coop. Cultural, Terra Creativa, Un monte todos os montes

Cláudia Morán, xornalista e comunicadora / **Brais Lorenzo**, fotógrafo e xestor cultural. Proxecto Habitar o baleiro

Nuria Sotelo, veterinaria, bailarina e coreógrafa / **Rubén Vilanova**, fotógrafo e xestor cultural / **Sabela Mendoza**, investigadora, creadora e xestora cultural. A Casa Vella

Joaquín Collado, artista escénico, bailarín e mediador. Festival Paisaje

19:45 a 20:15 – **Conversa posterior**

21:00 – **Cea**

Domingo 13 de setembro de 2026

10:00 a 10:30 – **Chegada participantes**

10:30 a 15:00 – **Bloque III. Cultura e territorio: que pode facer o monte pola cultura? Que pode facer a cultura polo monte?**

Abordaxe da construción de relacións entre experiencias singulares de xestión dos montes (montes en man común) e modelos de gobernanza colectiva, mediación e participación cultural, e investigación e práctica artísticas. Que papel ten a cultura e a creación artística na mediación, sensibilización, transmisión de saberes e activación comunitaria? Como a práctica artística pode contribuír a repensar o monte, construír novos relatos e abrir formas alternativas de relación co territorio? A realidade dos montes e os modos de vida vencellados a eles poden informar ao devir cultural e ao pensamento artístico?

EXPOSICIÓN

10:30 a 11:10 – **Damián Copena**, Profesor de Economía Aplicada. Área de Historia e Institucións Económicas da USC. Grupo GESPIC, CISPAC

MESA REDONDA

11:10 a 12:40 – **Exposición e análise de casos na xestión de montes en Galicia**. Espazo con profesionais e axentes convidados de distintos lugares de Galicia con modelos de xestión singulares para a vida, a explotación e o mantemento e coidado dos montes

Moderador: **Francisco Pedras**

Yolanda Magdalena, enxeñeira forestal. FINSA, Proxecto A Panda da Dá

Ovidio Queiruga, presidente da CMVMC de Baroña

Joám Evans, director Fundación Montescola (online)

Josefa de León Blanco e Delfín Paz, Comunidade de montes de Cualedro

Francisco García, Técnico de Desenvolvemento Rural. Fundación Juana de Vega

12:40 a 13:00 – **Pausa**

Domingo 13 de setembro de 2026

RELATO DE CASOS

13:00 a 14:15 – **Exposición de casos de acción cultural e artística**
Exposición de casos e relato de iniciativas que traballan na intersección entre comunidade, territorio rural, ecoloxía, cultura e práctica artística. Como nos relacionamos co monte desde as nosas prácticas? Que imaxinarios e que discursos empregamos? Como facer que un proxecto estea situado e territorializado?

Natalia Balseiro, investigadora, mediadora e curadora. Proxecto Terra Común de Concomitentes coa CM de Couso

Sergio Marey, artista visual, performer e curadore

Davoud Gerami e Tatiana Alonso, fundadores e directores de O Castro Art Village

Sara Donoso Calvo, comisaria e xestora cultural. Proxecto Residencias Alemparte

14:15 a 15:00 – **Malla Colectiva: conversa aberta**. Espazo final de conversa aberta entre persoas convidadas e público para compartir aprendizaxes

15:00 a 16:30 – **Comida**

17:00 a 19:00 – **Resonancias**. Rexistro e gravación de pódcast. Conversa a cargo de **Cláudia Morán e peche** das Xornadas

Organiza

A Casa Vella – Espazo de creación artística, encotro, mediación e acción cultural no rural. Amiadoso, Allariz

Web: <https://acasavella.gal>

IG: https://www.instagram.com/acasavella_/

Mail: acasavellamiadoso@gmail.com

Co apoio de: Programa Territorio Cultura para ampliar e diversificar a oferta cultural en áreas non urbanas, Agadic – Xunta de Galicia, Ministerio de Cultura. Actividad subvencionada polo Ministerio de Cultura